

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*LEI 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.*

#### Exposición de motivos

#### 1

O obxecto desta lei é adaptar á normativa da Comunidade Autónoma de Galicia as disposicións do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Durante o ano 2008 a economía comeza a dar síntomas de esgotamento, para iniciar a finais de ano unha importante recesión. Aos problemas estruturais da nosa economía e do resto do país engádenselles, agravando a situación, unha crise financeira mundial e unhas políticas económicas que non fan senón agravar os desequilibrios macroeconómicos existentes.

En efecto, a ausencia de políticas de axuste estrutural e consolidación fiscal serias a nivel central supuxo que, tras varios meses de leve recuperación en 2011, a economía reaccionou moi negativamente a unha deterioración das perspectivas na zona euro, debuxando unha saída da crise en W tal e como se puxo de manifesto.

Aos desequilibrios que estaban pendentes de resolver na economía española uniuse, nesta ocasión, unha crise de confianza dos mercados financeiros, á que non son alleos distintos problemas institucionais da zona euro.

Esta difícil situación do ámbito económico tradúcese nunha importante caída dos ingresos non financeiros. O impacto deste abrupto descenso dos ingresos amortécese só parcialmente cun maior recurso á débeda pública, ben que os niveis de endebedamento alcanzados non son sostibles a medio prazo. A actual situación de inestabilidade dos mercados financeiros supón un forte endurecemento das condicións de financiamento dos axentes públicos e privados, acurtando o prazo de sustentabilidade do recurso á débeda pública.

Tanto para gañar a credibilidade perdida e facilitar o acceso a un financiamento a un prezo razoable como para iniciar unha senda de crecemento económico estable e xeradora de emprego, urxe seguir aplicando con rigor políticas de consolidación fiscal e o impulso de novas reformas estruturais. Igualmente importante é a súa articulación a medio prazo dun modo verosímil. Todo isto implica unha variedade de políticas con obxectivos claros en termos de datas de posta en marcha e consecuencias sobre o crecemento, cifradas dentro dun marco macroeconómico coherente e plurianual.

Polo tanto, atopámonos ante un escenario de complexidade crecente, no que, no ámbito da nova gobernanza fiscal europea, os diferentes niveis de administración deben propoñer e aplicar de forma coordinada unha complexa batería de actuacións, debidamente cuantificadas e cun prazo determinado de aplicación.

É neste ámbito no que se elaboran os plans de reequilibrio económico financeiro da Comunidade Autónoma e de estabilidade e crecemento do Reino de España. Desenvólvese un sistema de seguimento destes e tómanse medidas de axuste *ad hoc* para cumprir estritamente cos obxectivos aprobados de estabilidade orzamentaria e endebedamento.

É neste contexto, de empeoramento das circunstancias macroeconómicas e financeiras e de programación da senda de consolidación fiscal, onde se enmarcan as medidas de axuste aprobadas no Real decreto lei 20/2012, gran parte das cales constitúe normativa básica, polo tanto de obrigada aplicación, e que constitúe parte das medidas tomadas polo Goberno do Estado para paliar o desfase orzamentario co que pechou o exercicio 2011.

A actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais fan necesario mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos públicos, co obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria, derivado do marco constitucional e da Unión Europea.

2

As actuais circunstancias do proceso de consolidación fiscal e de sustentabilidade das contas públicas esixe das administracións públicas continuar adaptando unha serie de medidas extraordinarias e cuxa adopción debe ser urxente, dirixidas a racionalizar e reducir o gasto de persoal das administracións públicas e a incrementar a eficiencia da súa xestión.

Estas medidas derivan da aplicación pola Administración xeral do Estado do Programa nacional de reformas 2012, marco no que se debe comprender este proceso de modernización e racionalización das administracións públicas, como complemento aos axustes exclusivamente fiscais e á redución de estruturas administrativas. Débense adoptar medidas que aforren gastos de persoal e incrementen a calidade e a produtividade do emprego público, no que incide o Real decreto lei 20/2012.

Por iso, adóptanse diversas actuacións que avanza na optimización de recursos, na mellora na xestión e na transparencia da administración e no incremento da produtividade dos empregados e empregadas públicos.

Trátase de medidas que se deben adoptar de xeito conxunto para ofrecer un cambio estrutural e coherente que permita, considerado na súa totalidade, a satisfacción dos obxectivos de austeridade e eficiencia nas administracións públicas.

Por outro lado, parte destas medidas ten carácter temporal ou está prevista a súa aplicación só cando concorran circunstancias excepcionais, quedando supeditada a súa vixencia á subsistencia da difícil conxuntura económica actual, que afecta a sustentabilidade das contas públicas ou a que razóns de interese público fagan necesaria a súa aplicación no futuro.

### 3

A lei estrutúrase en dous artigos, doce disposicións adicionais e tres derradeiras, co seguinte contido:

Suprímese, para o ano 2012, a paga extraordinaria do mes de decembro, así como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes. As cantidades derivadas da supresión destas pagas serán obxecto de recuperación en exercicios futuros, sempre que se prevexa o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

Esta supresión afectará, en primeiro lugar, o persoal do sector público definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. En particular, aplicarase ao persoal funcionario e estatutario, ao persoal laboral, ao persoal laboral de alta dirección e ao persoal con contrato mercantil e non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo,

así como ao persoal incluído no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

A paga extraordinaria non se suprimirá aos empregados e empregadas públicos cuxas retribucións non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2012.

Así mesmo, reduciráselles unha catorceava parte das retribucións totais anuais aos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, aos membros do Consello de Contas de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia, ao persoal eventual e ás persoas titulares das presidencias e vicepresidencias, das direccións xerais, das xerencias e doutras direccións ou asimiladas que desenvolvan funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestión do Sergas e nos entes e organismos dependentes.

Recóllese a previsión de adaptar as tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma ao resultado de aplicar esta lei, así como os importes consignados nos contratos, concertos, convenios e demais negocios xurídicos subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cando para o cálculo da prestación económica se tivesen en conta os gastos de persoal.

Esténdese o ámbito de aplicación ás universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e ás súas entidades instrumentais dependentes, reducíndose as transferencias do fondo incondicionado do sistema de financiamento das universidades no importe derivado da aplicación desta lei.

Establécese o réxime de incompatibilidades da compensación económica establecida no artigo 11, punto 7, parágrafo 2º, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvido polo Decreto 211/2007, do 25 de outubro, e créanse dous rexistros: o do Persoal Directivo da Administración Instrumental e o dos Órganos de Representación do Persoal ao Servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Prevese a suspensión dos pactos, convenios e acordos cando conteñan cláusulas contrarias ao disposto nesta lei ou cando se produza unha alteración substancial das circunstancias económicas.

Esténdese a aplicación do artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia,

ao persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se atope adscrito aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo co obxecto da súa equiparación co persoal que se atopa no réxime xeral, para que non exista un tratamento desigual dos empregados e empregadas públicos.

Finalmente, modifícase o anexo 4 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, que contén os módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros concertados educativos.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.

*Artigo 1. Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público autonómico*

1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, verá reducidas as súas retribucións nas contías que corresponde percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes.

2. Para facer efectivo o disposto no punto anterior, adoptaranse as seguintes medidas:

a) O persoal funcionario e estatutario non percibirá no mes de decembro as cantidades a que se refire o artigo 13.2 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, referente á paga extraordinaria de decembro en concepto de soldo e trienios.

Tampouco se percibirán as contías correspondentes ao resto dos conceptos retributivos que integran tanto a paga extraordinaria como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro.

b) O persoal laboral do sector público autonómico non percibirá as cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembro do ano 2012. Esta redución comprenderá a de

todos os conceptos retributivos que forman parte da dita paga de acordo cos convenios colectivos que resulten aplicables.

c) A aplicación directa desta medida realizarase na nómina do mes de decembro de 2012, sen prexuízo de que poida alterarse a distribución definitiva da redución nos ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva, podendo, neste caso, acordarse que a dita redución se execute de maneira rateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012.

d) A redución retributiva establecida no punto 1 deste artigo será tamén aplicable ao persoal laboral de alta dirección, ao persoal con contrato mercantil e ao non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo.

O persoal incluído no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, non percibirá a contía correspondente coa paga extraordinaria de decembro, calculada sobre a retribución máxima prevista no artigo 9 do dito decreto.

No caso de que o devandito persoal perciba as pagas extraordinarias e adicionais do mesmo xeito que o persoal funcionario ou estatutario, a minoración aplicarase nos termos establecidos no punto 2.1. No caso contrario, minorarase unha catorceava parte das retribucións totais, que se rateará entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor desta lei.

e) As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo serán obxecto de recuperación en exercicios futuros, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

f) Naqueles casos en que non se prevexa expresamente no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou se perciban máis de dúas ao ano reducirase unha catorceava parte das retribucións totais anuais, excluídos incentivos ao rendimento. A dita redución ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor desta lei. Neste punto deberá entenderse comprendido o suposto do artigo 19 da Lei 11/2011, relativo ás persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

g) O disposto nos puntos anteriores non será aplicable a aqueles empregados e empregadas públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro.

**Artigo 2. *Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 dos altos cargos e doutro persoal directivo***

1. Aos altos cargos da Administración da Xunta de Galicia, aos membros do Consello de Contas de Galicia e aos membros do Consello Consultivo de Galicia reduciráselles unha catorceava parte das retribucións totais anuais que figuran no artigo 17.Un, Dous e Tres.

2. O persoal titular das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais, xerencias e outras direccións ou asimiladas que desenvolvan funcións executivas de máximo nivel, nos centros de xestión do Sergas e nos entes e organismos dependentes, non percibirá a contía correspondente coa paga extraordinaria de decembro.

3. No caso de que o devandito persoal perciba as pagas extraordinarias e adicionais do mesmo xeito que o persoal funcionario ou estatutario, a minoración aplicarase nos termos establecidos no artigo 1.2.a). No caso contrario, minorarase unha catorceava parte das retribucións totais, que se rateará entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor desta lei.

**Disposición adicional primeira. *Medidas en relación cos traballadores e traballadoras das empresas de servizos contratadas pola administración***

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os entes instrumentais que pertencen ao sector público autonómico, de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ditarán nos seus respectivos eidos competenciais as instrucións pertinentes para a correcta execución dos servizos externos que contratasen, de xeito que quede clarificada a relación entre os xestores e xestoras da administración e o persoal da empresa contratada, evitando, en todo caso, actos que poidan considerarse como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral, sen prexuízo das facultades que a lexislación de contratos do sector público recoñeza ao órgano de contratación de cara á execución dos contratos. Para tal fin, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os entes instrumentais ditarán antes do 31 de decembro de 2012 as instrucións pertinentes para evitar actuacións que poidan considerarse como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.



No suposto de que en virtude de sentenza xudicial os traballadores e traballadoras das empresas se convertan en persoal laboral da administración, o salario que hai que percibir será o que corresponda á súa clasificación profesional de acordo co convenio colectivo aplicable ao persoal laboral da Xunta de Galicia, sendo necesario informe favorable dos órganos competentes en materia de función pública e custos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Persoal eventual*

As retribucións do persoal eventual regulado no artigo 7 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, aplicaráselles unha redución da catorceava parte das retribucións totais anuais. A citada minoraación ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional terceira. *Encomendas de xestión*

As tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e demais entes, organismos e entidades dependentes reduciranse na parte proporcional que corresponda á aplicación do artigo 1.2 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Concertos, contratos, convenios de colaboración e demais negocios xurídicos*

Os importes dos concertos, contratos, convenios de colaboración e demais negocios xurídicos que subscribíse a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia adecuaranse ás novas condicións retributivas que derivan das previsións desta lei, cando para o cálculo da prestación económica se tivesen en conta os gastos de persoal.

Disposición adicional quinta. *Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia*

As universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar a redución da percepción da paga extraordinaria de decembro, co contido e co alcance sinalado no artigo 1.2.

As transferencias do fondo incondicionado do sistema de financiamento do sistema universitario de Galicia reduciranse na contía equivalente ás retribucións reducidas.



Disposición adicional sexta. *Suspensión de pactos, acordos e convenios*

Suspéndense e quedan sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal do sector público definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, subscritos polas administracións públicas e polos seus organismos e entidades que conteñan cláusulas que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición adicional sétima. *Réxime de incompatibilidades da compensación económica establecida no artigo 11, punto 7, parágrafo 2º, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*

1. A compensación económica establecida no artigo 11, punto 7, parágrafo 2º, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvido polo Decreto 211/2007, do 25 de outubro, con ocasión do cesamento na titularidade da Presidencia da Xunta de Galicia, é incompatible con calquera retribución con cargo aos orzamentos das administracións públicas ou dos entes, organismos e empresas deles dependentes, ou con cargo aos dos órganos constitucionais ou que resulte da aplicación de arancel, así como con calquera retribución que proveña dunha actividade privada, con excepción das previstas no artigo 7 da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica.

Para estes efectos, considérase tamén actividade no sector público a desenvolvida polos membros electivos das Cortes Xerais, das asembleas legislativas das comunidades autónomas e das corporacións locais, polos altos cargos e polo restante persoal dos órganos constitucionais e de todas as administracións públicas, incluída a Administración de xustiza.

2. A devandita compensación económica ao cesamento será, así mesmo, incompatible coa percepción da pensión de xubilación ou retiro por dereitos pasivos, ou por calquera réxime de seguridade social público e obrigatorio.

3. Quen cese no devandito cargo terá un prazo de quince días hábiles, contado desde o que concorra a incompatibilidade, para comunicar ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da consellaría competente en materia de facenda a súa opción entre a percepción da compensación económica ou a retribución da actividade pública ou privada que estea desempeñando ou, se é o caso, a percepción da pensión de xubilación ou retiro. A opción pola retribución pública ou privada ou pola pensión de xubilación ou retiro, que se formalizará por escrito para a súa axeitada constancia, implica a renuncia á compensación económica prevista con ocasión do cesamento.

4. Unha vez recibida a devandita comunicación, a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas remitiralla ao centro pagador.

5. A falta de opción no prazo sinalado entenderase como renuncia a percibir a compensación a que se refire o punto 1, optando por percibir a retribución correspondente ao cargo ou á actividade que pase a exercer ou, se é o caso, a pensión de xubilación ou retiro.

*Disposición adicional oitava. Rexistro do Persoal Directivo da Administración Instrumental*

Créase, na consellaría competente en materia de función pública, o Rexistro do Persoal Directivo da Administración Instrumental.

Os contratos de alta dirección axustados ás condicións retributivas derivadas da aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, depositaranse no dito rexistro.

Mediante orde da consellaría competente en materia de función pública regularanse as características e o funcionamento deste rexistro.

*Disposición adicional novena. Rexistro de Órganos de Representación do Persoal ao Servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus Entes, Organismos e Entidades Dependentes*

Créase, na consellaría competente en materia de función pública, o Rexistro de Órganos de Representación do Persoal ao Servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus Entes, Organismos e Entidades Dependentes.

Mediante orde da consellaría competente en materia de función pública regularanse as características e o funcionamento deste rexistro.

*Disposición adicional décima. Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos e acordos que afecten o persoal laboral por alteración substancial das circunstancias económicas*

Para os efectos do previsto nos artigos 32 e 38.10 do Estatuto básico do empregado público, entenderase que concorre causa grave de interese público derivada da alteración substancial das circunstancias económicas cando as administracións públicas deban adop-

tar medidas ou plans de axuste, de reequilibrio das contas públicas ou de carácter económico-financeiro para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público.

Disposición adicional décimo primeira. *Destino dos aforros derivados desta lei*

Autorízase a consellaría competente en materia de facenda para que efectúe as retencións de créditos oportunas nas partidas orzamentarias nas que se reduce o gasto correspondente derivado da aplicación desta lei, para o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional décimo segunda. *Incapacidade temporal nos réximes especiais da seguridade social do mutualismo administrativo*

Ao persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se atope adscrito aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo seralle aplicable o disposto no artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012*

O anexo 4 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, queda redactado da seguinte forma:

Artigo 55

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados

| Año 2012   | Importe anual (€) |
|--|-------------------|
| – Educación infantil:<br>(Ratio profesor/unidade: 1,08:1)                |                   |
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais                    | 28.343,23         |
| Gastos variables   | 3.857,73          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 6.962,30          |
| Outros gastos  | 6.020,95          |
| Importe total anual  | 45.184,21         |

| Ano 2012   | Importe anual (€) |
|--|-------------------|
| – Educación primaria:  |                   |
| <u>Centros de ata 6 unidades de primaria</u>   |                   |
| (Ratio profesor/unidade: 1,40:1)   |                   |
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais  | 36.741,22         |
| Gastos variables   | 5.000,77          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais   | 9.025,24          |
| Outros gastos  | 6.020,95          |
| Importe total anual  | 56.788,18         |
| <br>   |                   |
| <u>Centros de máis de 6 unidades de primaria</u>   |                   |
| (Ratio profesor/unidade: 1,36:1)   |                   |
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais  | 35.691,47         |
| Gastos variables   | 4.857,88          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais   | 8.767,37          |
| Outros gastos  | 6.020,95          |
| Importe total anual  | 55.337,67         |
| <br>   |                   |
| – Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):  |                   |
| <br>   |                   |
| I. Educación básica primaria:  |                   |
| (Ratio profesor/unidade: 1,12:1)   |                   |
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais  | 29.392,98         |
| Gastos variables   | 4.000,62          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais   | 7.220,15          |
| Outros gastos  | 6.422,40          |
| Importe total anual  | 47.036,15         |
| <br>   |                   |
| Persoal complementario (logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias: |                   |
| Psíquicos  | 19.110,94         |
| Autistas ou problemas graves de personalidade  | 22.069,97         |
| Auditivos  | 17.781,98         |
| Plurideficientes   | 22.069,97         |
| <br>   |                   |
| II. Programas de formación para a transición á vida adulta:  |                   |
| (Ratio profesor/unidade: 2:1)  |                   |
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais  | 52.487,45         |
| Gastos variables   | 4.686,73          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais   | 12.893,13         |

| Ano 2012            | Importe anual (€) |
|---------------------|-------------------|
| Outros gastos       | 9.058,94          |
| Importe total anual | 79.126,25         |

Persoal complementario (logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:

|   |           |
|---|-----------|
| Psíquicos                                     | 30.513,25 |
| Autistas ou problemas graves de personalidade | 33.930,36 |
| Auditivos                                     | 23.641,71 |
| Plurideficientes                              | 33.930,36 |

– Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO (1)

(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)

|  |           |
|--|-----------|
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais                    | 48.076,43 |
| Gastos variables   | 9.231,25  |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 12.834,39 |
| Outros gastos  | 7.827,26  |
| Importe total anual  | 77.969,33 |

Centros de máis de 4 unidades de ESO (1)

(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)

|  |           |
|--|-----------|
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais                    | 46.843,70 |
| Gastos variables   | 8.994,56  |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 12.505,31 |
| Outros gastos  | 7.827,26  |
| Importe total anual  | 76.170,83 |

II. Terceiro e cuarto curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)

|  |           |
|--|-----------|
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais                    | 48.076,43 |
| Gastos variables   | 9.231,25  |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 10.639,06 |
| Outros gastos  | 8.639,29  |
| Importe total anual  | 76.586,03 |

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)

|   |           |
|---|-----------|
| Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais | 46.843,70 |
|---|-----------|

| Ano 2012   | Importe anual (€) |
|--|-------------------|
| Gastos variables   | 8.994,56          |
| Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 10.366,26         |
| Outros gastos  | 8.639,29          |
| Importe total anual  | 74.843,81         |

Ciclos formativos:

(Ratio profesor/unidade grao medio: 1,52:1)

(Ratio profesor/unidade grao superior: 1,52:1)

## I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

## Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

|                |           |
|----------------|-----------|
| Primeiro curso | 45.729,20 |
| Segundo curso  | 0,00      |

## Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

|                |           |
|----------------|-----------|
| Primeiro curso | 45.729,20 |
| Segundo curso  | 45.729,20 |

## Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

|                |           |
|----------------|-----------|
| Primeiro curso | 45.729,20 |
| Segundo curso  | 0,00      |

## Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

|                |           |
|----------------|-----------|
| Primeiro curso | 45.729,20 |
| Segundo curso  | 45.729,20 |

## II. Gastos variables:

## Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

|                |          |
|----------------|----------|
| Primeiro curso | 6.175,17 |
| Segundo curso  | 0,00     |

## Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

|                |          |
|----------------|----------|
| Primeiro curso | 6.175,17 |
| Segundo curso  | 6.175,17 |

## Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

|                |          |
|----------------|----------|
| Primeiro curso | 6.646,48 |
| Segundo curso  | 0,00     |

| Ano 2012  | Importe anual (€) |
|---|-------------------|
| Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:                   |                   |
| Primeiro curso  | 6.646,48          |
| Segundo curso   | 6.646,48          |
| III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais |                   |
| Ciclos formativos de grao medio   | 10.366,26         |
| Ciclos formativos de grao superior  | 10.366,26         |
| IV. Outros gastos:  |                   |
| Grupo 1. Ciclos formativos de:  |                   |
| Condución de actividades físico-deportivas no medio natural                   |                   |
| Servizos de restaurante e bar   |                   |
| Animación turística   |                   |
| Estética persoal decorativa   |                   |
| Química ambiental   |                   |
| Farmacia  |                   |
| Hixiene bucodental  |                   |
| Primeiro curso  | 10.178,78         |
| Segundo curso   | 2.380,58          |
| Grupo 2. Ciclos formativos de:  |                   |
| Xestión administrativa  |                   |
| Secretariado  |                   |
| Mergullo a media profundidade   |                   |
| Laboratorio de imaxe  |                   |
| Comercio  |                   |
| Xestión comercial e marketing   |                   |
| Servizos ao consumidor  |                   |
| Aloxamento  |                   |
| Elaboración de aceites e zumes  |                   |
| Elaboración de produtos lácteos   |                   |
| Elaboración de viño e outras bebidas  |                   |
| Matadoiro e carnizaría-chacinaría   |                   |
| Muiñaría e industrias cerealistas   |                   |
| Laboratorio   |                   |



| Ano 2012  | Importe anual (€) |
|---|-------------------|
| Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns       |                   |
| Coidados auxiliares de enfermaría                   |                   |
| Documentación sanitaria                             |                   |
| Curtidos  |                   |
| Patronaxe   |                   |
| Procesos de ennobrecemento téxtil                   |                   |
| Aceites de oliva e viños                            |                   |
| Primeiro curso                                      | 12.376,05         |
| Segundo curso                                       | 2.380,58          |
| Grupo 3. Ciclos formativos de:                      |                   |
| Conservaría vexetal, cárnica e de peixe             |                   |
| Transformación de madeira e cortiza                 |                   |
| Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos |                   |
| Operacións de proceso e pasta de papel              |                   |
| Operacións de transformación de plásticos e caucho  |                   |
| Industrias de proceso de pasta e papel              |                   |
| Industrias de proceso químico                       |                   |
| Plástico e caucho                                   |                   |
| Operacións de ennobrecemento téxtil                 |                   |
| Primeiro curso                                      | 14.729,24         |
| Segundo curso                                       | 2.380,58          |
| Grupo 4. Ciclos formativos de:                      |                   |
| Encadernados e manipulados de papel e cartón        |                   |
| Impresión en artes gráficas                         |                   |
| Fundición   |                   |
| Tratamentos superficiais e térmicos                 |                   |
| Fabricación industrial de carpintería e moble       |                   |
| Calzado e marroquinaría                             |                   |
| Produción de fiadura e teceduría de calada          |                   |
| Produción de tecidos de punto                       |                   |
| Procesos de confección industrial                   |                   |
| Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada  |                   |
| Procesos téxtiles de teceduría de punto             |                   |
| Operacións de fabricación de produtos cerámicos     |                   |
| Operacións de fabricación de vidro e transformados  |                   |

| Ano 2012  | Importe anual (€) |
|---|-------------------|
| Fabricación e transformación de produtos de vidro           |                   |
| Confección  |                   |
| Primeiro curso  | 17.041,30         |
| Segundo curso   | 2.380,58          |
| Grupo 5. Ciclos formativos de:                              |                   |
| Realización e plans de obra                                 |                   |
| Asesoría de imaxe persoal                                   |                   |
| Radioterapia  |                   |
| Animación sociocultural                                     |                   |
| Integración social  |                   |
| Primeiro curso  | 10.178,78         |
| Segundo curso   | 3.849,67          |
| Grupo 6. Ciclos formativos de:                              |                   |
| Operacións de cultivo acuícola                              |                   |
| Primeiro curso  | 14.729,24         |
| Segundo curso   | 3.849,67          |
| Grupo 7. Ciclos formativos de:                              |                   |
| Elaboración de produtos alimenticios                        |                   |
| Guía de información e asistencia turísticas                 |                   |
| Axencias de viaxes e xestión de eventos                     |                   |
| Explotacións gandeiras                                      |                   |
| Xardinaría  |                   |
| Traballos forestais e de conservación de medio natural      |                   |
| Xestión e organización de empresas agropecuarias            |                   |
| Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos |                   |
| Administración e finanzas                                   |                   |
| Pesca e transporte marítimo                                 |                   |
| Navegación, pesca e transporte marítimo                     |                   |
| Produción de audiovisuais, radio e espectáculos             |                   |
| Comercio internacional                                      |                   |
| Xestión do transporte                                       |                   |
| Obras de albanelaría  |                   |
| Obras de formigón   |                   |

| Ano 2012  | Importe anual (€) |
|---|-------------------|
| Operación e mantemento de maquinaria de construción                 |                   |
| Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción            |                   |
| Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas |                   |
| Óptica de anteollaría   |                   |
| Caracterización   |                   |
| Perrucaría  |                   |
| Estética  |                   |
| Explotación de sistemas informáticos                                |                   |
| Administración de sistemas informáticos                             |                   |
| Desenvolvemento de aplicacións informáticas                         |                   |
| Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma                      |                   |
| Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble                  |                   |
| Prevenção de riscos profesionais                                    |                   |
| Anatomía patolóxica e citoloxía                                     |                   |
| Saúde ambiental   |                   |
| Audiopróteses   |                   |
| Dietética   |                   |
| Imaxe para o diagnóstico  |                   |
| Laboratorio de diagnóstico clínico                                  |                   |
| Ortoprotésica   |                   |
| Educación infantil  |                   |
| Interpretación da lingua de signos                                  |                   |
| Atención sociosanitaria   |                   |
| Xestión de aloxamentos turísticos                                   |                   |
| Servizos en restauración  |                   |
| Panadaría, repostaría e confeitaría                                 |                   |
| Laboratorios de análises e control de calidade                      |                   |
| Química industrial  |                   |
| Planta química  |                   |
| Audioloxía protésica  |                   |
| Emerxencias sanitarias  |                   |
| Farmacia e parafarmacia   |                   |
| Educación infantil (actualizado)                                    |                   |
| Xestión administrativa (actualizado)                                |                   |
| Primeiro curso  | 9.167,25          |
| Segundo curso   | 11.074,12         |
| Grupo 8. Ciclos formativos de:                                      |                   |
| Explotacións agrarias extensivas                                    |                   |
| Explotacións agrícolas intensivas                                   |                   |

| Ano 2012   | Importe anual (€) |
|--|-------------------|
| Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque              |                   |
| Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque                          |                   |
| Equipos electrónicos de consumo  |                   |
| Equipos e instalacións electrotécnicas   |                   |
| Desenvolvemento de produtos electrónicos   |                   |
| Mantemento electrónico   |                   |
| Instalacións electrotécnicas   |                   |
| Sistemas de regulación e control automáticos                                       |                   |
| Acabados de construción  |                   |
| Restauración   |                   |
| Mantemento de aviónica   |                   |
| Próteses dentais   |                   |
| Instalacións eléctricas e automáticas  |                   |
| Sistemas microinformáticos e redes   |                   |
| Cociña e gastronomía   |                   |
| Confección e moda  |                   |
| Patronaxe e moda   |                   |
| Producción agropecuaria  |                   |
| Primeiro curso   | 11.290,71         |
| Segundo curso  | 12.887,91         |
| Grupo 9. Ciclos formativos de:   |                   |
| Animación de actividades físicas e deportivas                                      |                   |
| Deseño e produción editorial   |                   |
| Produción en industrias de artes gráficas  |                   |
| Imaxe  |                   |
| Realización de audiovisuais e espectáculos   |                   |
| Son  |                   |
| Sistemas de telecomunicación e informáticos  |                   |
| Desenvolvemento de proxectos mecánicos   |                   |
| Produción por fundición e pulvimetalurxia  |                   |
| Produción por mecanizado   |                   |
| Fabricación a medida e instalación de madeira e moble                              |                   |
| Produción de madeira e moble   |                   |
| Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor   |                   |
| Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención |                   |
| Mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos                       |                   |
| Carrozaría   |                   |
| Electromecánica de vehículos   |                   |

| Ano 2012  | Importe anual (€) |
|---|-------------------|
| Automoción  |                   |
| Mantemento aeromecánico   |                   |
| Programación da produción   |                   |
| Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos               |                   |
| Mantemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos                    |                   |
| Carrozaría (actualizado)  |                   |
| Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica                                 |                   |
| Automoción (actualizado)  |                   |
| Primeiro curso  | 13.279,90         |
| Segundo curso   | 14.733,80         |
| Grupo 10. Ciclos formativos de:   |                   |
| Procesos de calidade na industria alimentaria                                 |                   |
| Fabricación de produtos cerámicos   |                   |
| Produción acuícola  |                   |
| Preimpresión en artes gráficas  |                   |
| Xoiaría   |                   |
| Mecanizado  |                   |
| Soldadura e caldeiraría   |                   |
| Construcións metálicas  |                   |
| Industria alimentaria   |                   |
| Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas   |                   |
| Mantemento ferroviario  |                   |
| Mantemento de equipo industrial   |                   |
| Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos                           |                   |
| Vitivinicultura   |                   |
| Construcións metálicas (actualizado)  |                   |
| Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos (actualizado)             |                   |
| Primeiro curso  | 15.361,16         |
| Segundo curso   | 16.471,77         |
| <u>Programas de cualificación profesional inicial</u>                         |                   |
| (Ratio profesor/unidade: 1,44:1)  |                   |
| I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais                      | 43.322,40         |
| II. Gastos variables  | 5.850,17          |
| III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais | 9.906,52          |

| Ano 2012   | Importe anual (€) |
|--|-------------------|
| IV. Outros gastos:   |                   |
| Grupo 1  | 7.502,54          |
| Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de: |                   |
| Administración   |                   |
| Comercio e marketing                                       |                   |
| Hostalaría e turismo                                       |                   |
| Imaxe persoal  |                   |
| Sanidade   |                   |
| Servizos socioculturais e á comunidade                     |                   |
| Administración e xestión                                   |                   |
| Artesanías   |                   |
| Química  |                   |
| Seguridade e medio ambiente                                |                   |
| Grupo 2  | 8.577,66          |
| Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de: |                   |
| Actividades agrarias                                       |                   |
| Artes gráficas   |                   |
| Comunicación, imaxe e son                                  |                   |
| Edificación e obra civil                                   |                   |
| Electricidade e electrónica                                |                   |
| Fabricación mecánica                                       |                   |
| Industrias alimentarias                                    |                   |
| Madeira e moble  |                   |
| Mantemento de vehículos autopropulsados                    |                   |
| Mantemento e servizos á produción                          |                   |
| Téxtil, confección e pel                                   |                   |
| Agraria  |                   |
| Imaxe e son  |                   |
| Enerxía e auga   |                   |
| Industrias extractivas                                     |                   |
| Madeira, moble e cortiza                                   |                   |
| Transporte e mantemento de vehículos                       |                   |
| Marítimo-pesqueira   |                   |
| Instalación e mantemento                                   |                   |
| Informática  |                   |
| 2.º curso de PCPI  | 7.502,54          |

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Facúltase a consellaría competente en materia de facenda para aprobar todas aquelas normas e adoptar todas as medidas necesarias para a aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de agosto de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente